



Manifesto Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller 25N_2020

O ano 2020, quedará na lembranza coma o ano que cambiou as nosas vidas. O coronavirus estivo a desplazar moitos temas da axenda internacional, pero de igual xeito seguen presentes.

A violencia de xénero, sen embargo non é un asunto olvidado. Sabemos que é unha violencia que sofren máis da metade da poboación mundial e polo tanto non pode ser esquecida.

O día 25 de Novembro é o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, unha violencia que afecta ás mulleres polo feito de ser mulleres e ser consideradas o sexo inferior.

Trátase de calquera agresión que poida causar un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluíndo tamén as ameazas de que se produza a agresión e a coacción ou privación de liberdade.

Pódese producir en calquera ámbito da vida da muller, é dicir, na súa vida laboral, persoal, social.

No que levamos de ano, son 40 as mulleres que morreron a mans das súas parellas ou ex parellas. Podemos imaxinar con ese número de mortes, a magnitude da problemática e canto sufrimento terán soportado, agravado polo illamento producido pola situación da crise sanitaria.

Neste día, denunciámos a situación de discriminación na que se atopan as mulleres, que está baseada nesas desigualdades de xénero que se manteñen por medio do patriarcado.

A nosa estrutura social, marca unhas expectativas e comportamentos diferentes para cada sexo e condiciona o noso desenvolvemento en función de se nacemos homes ou mulleres, sendo por tanto a base da problemática.

Estas desigualdades maniféstanse da forma mais extrema na violencia de xénero atentando contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade e á dignidade das mulleres.

Para poder combater contra este problema é moi importante dalo a coñecer e educar dende a igualdade, para así previr a aparición de novos casos deste tipo.

Como medidas de sensibilización e educación á poboación sobre esta problemática en calquera das súas variantes, dende o Concello de Vilasantar, plantexamos diferentes líñas de traballo na programación prevista para este 25N.

Por unha parte incidiremos na educación dos máis novos no centro educativo e tamén chegaremos á poboación xeral coa campaña de sensibilización e este acto.

De tal xeito, pretendemos acadar cada unha das franxas de idade e poboación, buscando ser escoitad@s para concienciar así da realidade que están a vivir millóns de mulleres no mundo e miles de mulleres en España.

Neste Concello creemos na educación como clave para o crecemento da sociedade e como xa temos demostrado, unidos podemos conseguilo. O apoio e a empatía que representa a este pobo, estamos seguro que fará que avancemos cara a igualdade real entre mulleres e homes.

O cambio social é unha responsabilidades de todos e de todas.

Mulleres e homes, de todos nós depende que esta lacra desapareza e fagamos realidade o soño da igualdade.

Moitas gracias a [tod@s](#) polo voso compromiso.

Como medidas establecidas dentro desta programación para o día de hoxe, damos por inaugurada a campaña de sensibilización de exposición de sinais “STOP VIOLENCIA DE XÉNERO”.

E non podemos esquecer a importancia dos talleres formativos que se levarán a cabo no centro educativo. Elas e eles son o futuro.

Moitas gracias.